



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

**MANUEL GAGO
A COMPOSTELA CONSPIRADORA**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

A Compostela Conspiradora

Manuel Gago

Santiago de Compostela non é só un apracible destino espiritual. Ao longo da súa historia, a cidade xogou un importante papel como actor político do poder... e do contrapoder. Este roteiro explora os escenarios nos que se desenvolveron as tremoias (máis ou menos) discretas coas que os poderosos, grupos de presión, sociedades secretas e revolucionarios de toda facción tentaron influír nos destinos deste reino (e doutros). Teremos de todo, como en botica: revoltas, invasións, asasinatos, complots, atentados, montaxes, conxuras e un amplo mostrario de maquiavelismos. Unha partida de xadrez polo poder que se leva xogando no taboleiro urbano de Compostela desde hai máis de mil anos.

O roteiro está deseñado para facilitar o paseo polas rúas da cidade vella de Compostela. Isto dificulta as posibilidades de ser andado de maneira cronolóxica. Velaí que subiremos e baixaremos chanzos de tempo, aínda que sempre da mesma escaleira: a dunha cidade que se escapa das costuras dun relato monolítico de peregrinacións e nos ofrece unha realidade máis complexa e fascinante.

Na inevitable escolma de lugares e tempos distancieime, se cadra, dalgunhas historias máis coñecidas para concederlle espazo a outras épocas e tempos menos explorados polas narrativas da cidade. Agardo a súa comprensión ante unhas ausencias plenamente conscientes.

1. Recontar Santiago: un ciclo infinito

Igrexa de San Fiz de Solovio

Comezamos este roteiro no territorio dos mitos. San Fiz de Solovio é unha das igrexas máis entrañables de Compostela. Segundo a lenda, aquí vivía o eremita Paio, no monte de Solovio, aos pés mesmos do antigo bosque de Libredón. Temos que imaxinarnos unha espesura similar á de moitos montes galegos da actualidade: baixo ela agachábanse unha chea de restos arqueolóxicos xa en época tan temperán. A propia igrexa de San Fiz podería atoparse aos pés dun castro, de atendermos á toponimia da inmediata rúa do Castro, que nace na Praza de Entrepraciñas. Aínda que non foi corroborado arqueoloxicamente, a ubicación dun castro na topografía do outeiro é de manual. Máis ao suroeste, tamén noutra das bases desta elevación, existían mámoas (na actual Porta da Mámoa), sinalando a existencia dunha antiga vía de comunicación.

E se Paio se internara -como se internou- ao oeste, baixando aos pés do castro, por onde hoxe sería a Fonte Sequelo e a Rúa da Conga, entraría seguramente nun bosque aínda máis espeso -ese sería propiamente o Libredón- inzado das ruínas dunha antiga necrópole e algunhas estruturas de pedra colapsadas entre as árbores. Non sería moi distinto a cando hoxe andamos por algún bosque do país e nos atopamos antigos e misteriosos sartegos de pedra labrados nas rochas, moreas de cachote que informan de edificios abandonados hai séculos. Foi alí onde as luminarias que xurdían entre as árbores lle indicaron a existencia da *arca marmorica* -os achados santos nunca toleran a cotidianidade- e comezou a cadea prodixiosa de avisos (de Paio ao bispo Teodomiro de Iria, de Teodomiro ao rei Afonso II) que deu lugar a este miragre de pedra.

Esta é a historia que gañou, pero non a única. Quero comezar en San Fiz como un exemplo de como esta cidade está construíndo e reconstruíndo continuamente o seu propio discurso, e como detrás da procura das orixes sucédense, agachados, propósitos políticos. No século XII, o relato das orixes que quería contar a curia episcopal encabezada por Diego Xelmírez era outro ben distinto. No Libro IV do *Liber Sancti Iacobi* (o noso *Códice Calixtino*) nállase outro construto mitolóxico, a *Historia Karoli Magni et Rothalandi*. Segundo ela, sería o propio emperador Carlomagno quen se introduciría cos seus cabaleiros na Hispania musulmá, seguindo a petición do Apóstolo Santiago. Este, en soños, ordenáralle abrir o camiño de Europa cara ao seu sepulcro, agochado nos confíns de Galicia. Carlomagno ábrese paso en territorio inimigo, mediante épicas batallas, ata dar coa tumba e chegar ata o mesmo mar. Este relato foi confeccionado cun propósito deliberado: o reino de Galicia atopábase no século XII nunha importante eclosión política e cultural, e esta historia é un

excelente resumo da vontade das elites de conectar a basílica co prestixio da figura referencial da Europa medieval.

Como era agradable, que fora un emperador franco o primeiro en iniciar a Reconquista era algo que non gustou nada os reis hispánicos do momento, que se tentaban lexitimar como *reconquistadores*, é dicir, continuadores do reino visigodo. Así que este relato foi cuestionado e erosionado xa desde pouco despois de ser escrito.

A partir do século XIX, as diferentes intervencións arqueolóxicas na catedral de Santiago de Compostela procuraron encaixar coa lenda de Paio o Eremita. Tanto as intervencións de López Ferreiro no século XIX, na procura exitosa da caixa coas reliquias do Apóstolo e os seus discípulos como as intervencións de Manuel Chamoso Lamas a mediados do século XX, coincidiron en sinalar a existencia dun mausoleo romano na zona na que se atopa o altar maior. Durante moito tempo remarcouse que ese mausoleo fora construído ao redor do século I d. C., é dicir, non moi lonxe da morte de Santiago o Maior.

Sen embargo, o 20 de marzo de 2019 tiven a sensación de presenciar algo único. O arqueólogo José Suárez Otero, quen fora durante moitos anos o responsable arqueolóxico da catedral, impartiu a conferencia *“Na procura dunha memoria silenciada. A Tumba de Santiago, a Gallaecia sueva e as orixes dos reinos cristiáns hispánicos”*. O auditorio do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino da rúa Carretas, o edificio xestionado pola Igrexa onde se reparten as compostelás, estaba a rebentar. Na primeira fila sentaba toda a curia episcopal encabezada polo arcebispo.

Nesa conferencia, José Suárez Otero foi debullando os datos arqueolóxicos sobre o período romano existentes para toda esa área de Compostela. Aínda que a presenza de evidencias do período altoimperial -séculos I e II parecían evidentes- eran demasiado dispersas para tirar conclusións sobre o tipo de ocupación humana na zona. E o mausoleo romano... pois non era de época altoimperial -é dicir, de cronoloxía próxima á morte de Santiago-, senón dun momento final do Imperio, con paralelos na Galia ou nas Illas Británicas. Suárez Otero vinculaba esa edificación -e parte da necrópole- como parte dos axustes de poder que se suceden durante a caída do reino suevo e a ocupación do poder en Galicia polos visigodos. Como un lugar vinculado a unha elite sueva que dominara, mesmo trala caída do reino, o último territorio da Gallaecia, ao norte do río Ulla. Ben lonxe do tempo da prédica do Apóstolo. Tiven a sensación de que o vello relato da cidade comezaba a volver ser escrito, xusto cando hoxe se reivindica, desde múltiples vías, ese esquecido reino suevo. Que quería dicir?

As historias son un taboleiro de xogo do poder. A nosa ollada sobre uns lugares ou outros, sobre uns tempos ou outros, revelan que queremos contar sobre o mundo. Este roteiro quiere reivindicar unha Compostela máis diversa, unha cidade que funcionou como actor político decisivo para o país durante séculos. Non é unha visión habitual desta cidade, convertida nun parque temático de peregrinacións. Pero desde logo, é unha visión necesaria.

2. As sociedades secretas: *Libredón número 6*

Fonte de Santo Antonio

Aínda non rematamos de falar do bosque sagrado. O seu ronsel mítico na historia compostelana continuou durante moito tempo, ata o punto de ser empregado por unha das dúas últimas sociedade secreta da cidade antes do golpe de estado de 1936: a loxia masónica *Libredón nº 6*, que estaba radicada nesta rúa.

A propia idea de conspiración leva aparellada un grupo de persoas traballando en secreto para preparar un plan que pretende subverter a orde constituída. Isto non lle adoita facer ningunha graza a esa orde, e adoita evitar, por todos os medios, que os plans conspirativos teñan éxito. As conspiracións baséanse no segredo e en redes de persoas conectadas con discreción. En numerosas ocasións, a súa persecución desemboca en paranoia ou en acusacións pouco fundamentadas, pero tamén en argumento para desfacerse de figuras molestas.

A sociedade secreta por antonomasia ao longo de toda Europa é a masonería, que puido ter entrado en Galicia, segundo Manuel Murguía, xa nunha data tan temperá como 1752. No país os dous grandes focos de masóns foron Ferrol, a través de oficiais da Armada, e Monforte, traída polos operarios de tren. Pero mesmo unha cidade clerical como Compostela contou con loxias que se foron sucedendo as unhas ás outras na segunda metade do século XIX. A interacción entre estas loxias e o poder político local é innegable, sempre vinculados ao pensamento liberal, como ten demostrado Alberto Valín.

Cando menos catro membros da loxia *Luz Compostelana número 13* participaron da Xunta de Goberno Republicana constituída en 1873 trala abdicación do rei Amadeo I de Savoia e mesmo algún dos seus membros, como Pablo González Munín, chegaron a formar parte da corporación municipal posterior, nacida da I República.

Desta loxia participarán importantes figuras da cidade, como Maximino Teijeiro, un notable médico e reitor da universidade, que tiña por nome simbólico “Tertuliano”, e unha máis que curiosa figura: José Sánchez Villamarín, coñecido como “Viriato 1º”.

Este avogado compostelán foi unha das personalidades singulares da cidade, alcalde en varias ocasións e tamén do veciño concello de Teo. Sánchez Villamarín foi un dos promotores da primeira (e arelada) liña de ferrocarril do país, que uniría en 1873 o porto de Carril coa estación de Cornes. Este avogado ilustra as liñas porosas do pensamento político, filosófico e científico do seu tempo. Interesado no espiritismo, chegou a fundar unha editorial chamada Niram-Alliv (o seu apelido ao revés) co que editou algunhas obras que provocaron o escándalo católico, como *Aldrete o los espiritistas españoles del siglo XVII* (1878). Sánchez Villamarín tamén participaba dun moi descoñecido Grupo Espiritista de Santiago.

Pero estamos na rúa Fonte de Santo Antonio porque se radicaba, como dicíamos ao principio, unha loxia masónica, a *Libredón nº 6*. Xunto con *Agarimo nº 78*, foron das dúas últimas loxias da cidade antes do golpe de estado de 1936. O fascismo español empregou os masóns do mesmo xeito que o nazismo aos xudeus: construíron con eles o inimigo a bater. Fixéronos responsables de seren un poder na sombra, e de conspiraren de xeito oculto para os seus propios intereses. O certo é que á *Libredón nº 6* pertencían neses momentos importantes figuras republicanas da cultura e da política da cidade, así que a loxia foi obxectivo prioritario dos golpistas. Comerciantes como Vicente López-Veiga Ramos, médicos da Unión Republicana como Arturo Cervigón, o director do Hospital Provincial, Vicente Varela Radío, o funcionario e intelectual Arturo Cuadrado, o pintor e escenógrafo Camilo Díaz Baliño ou o alcalde Ánxel Casal. Todos eles sufriron, dun xeito ou doutro, as represalias do franquismo e, nos casos de Camilo Díaz Baliño e Ánxel Casal, foron asasinados polos fascistas.

3. Algaradas e *secretas*: as mocidades independentistas dos 90

Soportais da Rúa Nova

A mediados dos anos 90, a coincidir co propio ascenso político do nacionalismo no Parlamento galego, nacíu unha nova xeración política que situaba a independencia de Galicia e o socialismo nunha nova escala de activismo, moito máis radical nos seus procedementos. A *Assembleia da Mocidade Independentista* (AMI) apostou por modelos de visibilidade e acción política, en gran medida conectados coas prácticas do nacionalismo *abertzale* do momento.

Para os membros de AMI, Compostela era o espazo nuclear da súa acción política, especialmente ao redor da data simbólica do 25 de xullo. A organización foi moi perseguida polas forzas policiais, ata o punto de que cando se produciu a súa disolución en 2014, o acoso -evidenciado a través de denuncias, infiltracións,

procesos xudiciais- foi considerado polos últimos membros como decisivo á hora de pechar a organización.

Precisamente a infiltración da policía secreta nesta organización foi unha constante. O medo a seren escoitados durante as asembleas e xuntanzas da organización a reunirse, nos invernos de Compostela, nos soportais da rúa Nova. Paseaban arriba e abaixo, como se facía a principios do século XX, controlando se alguén os espiaba. Se consideraban que tiñan o terreo libre, reuníanse no café Rúa Nova.

4. Liberais contra conservadores: o atentado a Nazario Eguía

Pazo dos Marqueses de Santa Cruz. Rúa Nova, 9.

O pazo do Marqués de Ribadulla está hoxe xestionado pola Congregación de Relixiosas de María Inmaculada como residencia feminina de estudantes. Pero entre 1828 e 1832 este lugar albergou a Capitanía Xeral do Reino de Galicia, o principal mando militar e policial do país, trasladada da Coruña a Compostela en castigo polo compromiso liberal da cidade. O Capitán Xeral de Galicia era de aquela Nazario de Eguía, un basco de Durango (Biscaia), e home forte do rei Fernando VII en Galicia. Eguía era un absolutista de férrea convicción. E en Galicia tiña moito traballo. Como escribiu Karl Marx nun xornal norteamericano, *“nas Cortes de Cádiz de 1810 atopábanse representadas case exclusivamente as provincias máis democráticas: Cataluña e Galicia”*. Aínda que isto non fora exactamente así, dá conta de certa reputación internacional do liberalismo galego -aínda non convincentemente estudada-.

Nazario de Eguía empregouse a fondo nunha política represiva contra os liberais do país, aos que levou a prisión e lles fixo pagar severísimas multas, coas que se di que se pagou o pavimento da rúa do Franco. Todas as súas accións acabaron por provocar o que se considera o primeiro atentado con carta-bomba da Historia.

O 29 de outubro de 1829 Eguía atopábase traballando no seu despacho neste pazo. No correo recibido chegou un sobre que indicaba “Urxente V. E.”. O capitán xeral ordenou ao seu axudante que o abrise. Apareceu un segundo sobre coa advertencia “Urxentísimo e reservado”. O axudante volveuno a abrir. No interior aínda había un terceiro prego. E este indicaba: “De El-Rei, para o xeneral Eguía”. O xeneral tomouno para abri-lo persoalmente, apoiándoo nos caixóns dunha mesa e metendo o dedo entre as voltas do papel para rasgalo. Nese momento, produciuse unha explosión, a mesa rebentou, o xeneral caeu contra o chan. Tiña unha das mans esnaquizada e faltábanlle dous dedos doutra. Indignado, berrou: *“aínda me queda outra para aforcar o culpable! Ninguén máis que Chao é quen de inventar obra tan perfecta!”*.

Por Chao referíase a José María Chao, boticario de Ribadavia e un dos máis destacados activistas liberais do momento. Sabemos os detalles máis saborosos desta historia pola amenísima biografía que escribiu Manuel Curros Enríquez na Habana en 1880 sobre o fillo de José María Chao, o político Eduardo. Nazario Eguía guindou á cadea ao boticario -e a outros moitos sospeitosos- pero mesmo neses tempos escuros as evidencias seguían sendo importantes nos xuízos. Non foi quen de demostrar a culpabilidade de ningún deles e tiveron que ceibalos.

Esta historia ten un curioso epílogo: no ano 2002 a familia Luca de Tena doou á Fundación Penzol un valioso morteiro de bronce que pertenceu á botica viguesa de Chao dos seus devanceiros. O obxecto está datado en 1826. Na noticia de *La Voz de Galicia* que dá conta do acto, sinálase que *“no século XIX a viguesa botica de Chao confeccionou con este utensilio numerosas apócemas, pero tamén se preparou a dinamita para un atentado”*.

5. A mesa camilla de Ramón Piñeiro

Rúa Xelmírez, 15

Foi Manuel Rivas quen describiu dunha maneira maxistral o que acontecía no piso superior deste edificio. *“Aquela mesa de suposto braseiro era, en realidade, unha supercomputadora na Compostela do “ventre do silencio”. Por unha banda era o lugar do oráculo. E por outra, unha extraordinaria base de datos, con información esencial”*. Refírese á famosa ‘mesa camilla’ na que Ramón Piñeiro, un dos destacados intelectuais galeguistas durante o franquismo e a primeira transición, recibía visitas e celebraba tertulias desde os anos 50.

Ramón Piñeiro foi un dos artífices da recuperación cultural do país trala Guerra Civil e membro da xeración que funda a editorial Galaxia. Tras padecer el mesmo as consecuencias de ser republicano, volveu a Galicia traballando na refundación do Partido Galeguista na clandestinidade, acción pola que rematou en prisión. A principios dos 50 casou e estableceuse neste piso en Compostela, cedido polo seu amigo Domingo García-Sabell. Desde este lugar, con discreción, levou a cabo unha impresionante tarefa de formación a varias xeracións de mozos inquedados que descoñecían todo sobre o país. Tratábase, de algún xeito, de reconstruír un legado e outorgarlles unha perspectiva que non podían obter por outros medios. Xosé Luís Franco Grande rememora que no ano 1954 *“Piñeiro explicoume o mundo que se estaba a facer arredor de nós e no que nós non participabamos porque estábamos pechados”*. A capacidade de Piñeiro de animar a todos estes rapaces a escribir, a

aprender, a publicar foi inmensa. Moito naceu alí. Como anécdota: Otero Pedrayo afirmaba que foi na mesa camilla onde se inventou o adverbio *xa que logo*.

Non podemos comprender a cultura ou a política contemporánea sen esta mesa camilla. Moitos dos intelectuais das últimas décadas foron influídos polas longas conversas nesta sorte de táboa redonda á que se podía chegar sen convite previo nin cita previa. E aquí decidiuse -máis que entre bambolinas, entre braseiros- un modo de facer política galega que foi decisiva na conformación do Estatuto de autonomía, conformando de algún xeito un cisma que chega ata hoxe en día. Piñeiro cría que máis que construír formacións políticas propias, das que dubidaba que conseguiran maiorías parlamentarias efectivas, había que traballar para que os partidos de ámbito estatal asumiran o galeguismo. El mesmo deu exemplo, participando na primeira lexislatura con Carlos Casares, Alfredo Conde e Benxamín Casal, como deputados do PSdeG, mentres que Fernández Albor se integraba en Alianza Popular e Marino Dónega na UCD. Boa parte desa operación cociñouse diante dos nosos ollos, nesa casa.

Desde o ámbito do nacionalismo, nucleado sobre todo ao redor da Unión do Pobo Galego, non se comprendeu nin xustificou a postura de Piñeiro. A súa decisión de galeguizar partidos estatais foi duramente criticada e o debate segue, de algún xeito, ata hoxe.

6. Diego Páez e a conspiración dos normandos

Praza da Quintana

Estamos diante dun escenario urbano que ten que ver coa intervención directa dunha das figuras decisivas na conformación da Compostela medieval. O bispo Diego Páez ficou esquecido, en parte polo brillo dun dos seus sucesores, Diego Xelmírez, en parte pola súa caída en desgraza que agora coñeceremos. Nesta praza vemos á dereita o convento de San Paio de Antealtares e á esquerda a cabeceira da catedral, agora escondida detrás do muro que ergueu no século XVII José Peña de Toro para dar regularidade ao conxunto de arquitecturas da cabeceira. Esta praza foi posible - aínda que máis pequena- grazas ao acordo mantido polo bispo Diego Páez cos monxes de San Paio de Antealtares, que tiñan o seu mosteiro inmediato á basílica prerrománica. Cando Diego Páez quixo iniciar as obras de construción do grande edificio románico -núcleo do actual- foi necesario acordar cos monxes na Concordia de Antealtares a retirada de parte dos edificios monásticos para dar paso á cabeceira (aínda no século XIII os monxes terían que retroceder aínda máis ata a posición actual do mosteiro de San Paio).

O caso é que Diego Páez foi destacado representante desta tradición da Compostela medieval que era a de ter os seus bispos metidos en política ata o fondo. Na *Historia Compostelana* afírmase que *“tanto se mesturou nos asuntos laicos que non correspondeu como debía á norma da súa condición eclesiástica”*, aínda que foi responsable de cumprir os desexos do rei Afonso VI de implantar na catedral o rito romano en detrimento do mozárabe, existente ata o momento. Con todo, acabou moi mal co rei, quen o encadeou no lugar palentino de Husillos no 1088 e fixo por depoñelo do seu cargo de bispo.

Os motivos non están totalmente claros, pero o detonante pode ter que ver cunha conspiración a grande escala. De novo na *Historia Compostelana* afírmase que *“pois os seus inimigos, movidos polos celos da envexa, dixeron que tentaba entregar o reino de Galicia ao rei dos ingleses e normandos e tirarllo ao rei dos hispanos. Se isto, divulgado por todos os lugares, foi certo ou non, non é agora o noso asunto”*. Observen como a *Historia Compostelana*, que non dá puntada sen fío, se converte na única fonte documental da época que nos deixa caer este fío que chega ata nós case de milagre.

O certo é que esta conspiración non se movía nun territorio baleiro, senón moi coherente cun escenario de intensas relacións atlánticas entre Galicia e os seus veciños do norte. Unha filla de Guillerme de Normandía, Agatha, estaba prometida a *“Afonso, rei de Galicia”*, aínda que morreu de xeito prematuro. E o que moita xente non sabe é que Guillerme de Normandía, na súa hora máis gloriosa, o 14 de outubro do ano 1066, na batalla de Hastings que gañou Inglaterra os saxóns, cabalgou cun magnífico cabalo negro de procedencia galega. Levárallo Walter Giffart, señor de Longueville, á volta dunha viaxe a Compostela, como *“agasallo dun rei que tiña unha grande amizade co duque”*. Precisamente, Guillerme de Normandía morrera un ano antes da caída en desgraza de Diego Páez en Husillos. Quen sabe se iso non animou ao rei Afonso a coutar as ás do bispo.

Estas relacións entre as elites galegas e británicas viñan de atrás. Milia, unha das fillas do rei Egberto de Wessex -coñecido pola súa recreación na coñecida serie *Vikings*- casou no século IX con Rodrigo Romaes, un destacado nobre con posesións no norte de Galicia e ligado á casa real galega. Como saben, agasallos e matrimonios son basicamente os refrendos simbólicos de relacións diplomáticas e alianzas políticas. Pero aínda falta quen teña profundado na historia desta conspiración de Diego Páez.

7. A Condesa irredutible: Xacoba Cisneros de Castro

Pazo dos Condes de Ximonde. Preguntoiro, 23.

Neste pazo urbano onde hoxe se atopa o auditorio de Afundación viviu Xacoba Cisneros de Castro, condesa de Ximonde, unha figura fundamental para comprender o primeiro carlismo galego.

Fronte a unha Coruña na que burgueses e militares encarnaban os valores do liberalismo, Santiago de Compostela converteuse na principal cidade galega en apoiar o carlismo, é dicir, en soster os dereitos do infante Carlos María Isidro de Borbón, irmán de Fernando VII, coma sucesor no trono de España. O infante fora deixado de lado a favor da filla do rei, Isabel II. Por suposto, nesta guerra xogábase algo máis que unha lea familiar. O carlismo era defensor do tradicionalismo, dos foros e da relixión no seu sentido máis conservador, e converteuse nunha ideoloxía que inestabilizou boa parte do século XIX español con sucesivas revoltas. Trono, Altar e Lexitimidade era o seu lema. A raíña Isabel II estaba apoiada pola burguesía e aqueles que pretendían un estado máis ou menos liberal.

Compostela, como núcleo central da Igrexa e de certa aristocracia máis tradicionalista, converteuse nun niño de conspiradores a favor do carlismo, e o alzamento do antigo reino a favor do movemento era algo moi arelado polos insurrectos: a proximidade con Portugal, onde se refuxiaba o infante e se podía organizar unha retagarda, o potencial de Galicia de converterse nun prolongado foco de resistencia grazas á súa orografía e distancia, así como a diversa rede de portos que podían garantir un bo aprovisionamento de armamento inglés, convertían o país nun espazo estratéxico. Unha das figuras máis destacadas do primeiro carlismo galego, por exemplo, foi o cardeal Francisco María de Gorostidi, membro do cabido catedralicio de Santiago, un dos organizadores das algaradas da primeira guerra carlista e que rematou fusilado en 1836 na ribeira do Sarela. Un detalle singular é como pasou Gorostidi á clandestinidade en 1834. Cando uns celadores viñeron buscalo á catedral para sacalo de Compostela por orde governativa, o cardeal desapareceu na sancristía. O gobernador militar de Compostela estivo convencido de que había un pasadizo secreto entre esa dependencia e o exterior da catedral, aínda que moi posiblemente Gorostidi empregou tan só algunha manobra de distracción.

O carlismo tivo moita vida dentro da cidade. Díciase que os composteláns eran *“monteristas por fóra e carlistas por dentro”*, en referencia ao liberal Eugenio Montero Ríos, tamén nacido en Santiago, e que chegou a Presidente do Goberno. Aínda en 1873 se practicaban redadas na cidade para localizar as redes ocultas de apoio ao carlismo, localizando a numerosos oficiais e guerrilleiros das faccións agachados en domicilios particulares.

Dentro destas redes de apoio á primeira guerra carlista figura de maneira moi destacada Xacoba Cisneros de Castro, condesa de Ximonde, que habitaba nesta casa e que posuía tamén o fermoso pazo de Ximonde en Vedra, sobre o río Ulla. Estaba casada con Xosé María Bermúdez Acevedo, outro fervoroso carlista que chegou a presidir a primeira Xunta Superior constituída na Coruña para organizar en 1836 o primeiro exército lexitimista. Cando o seu home morreu, ela aínda intensificou o compromiso, constituíndo todo un sistema de apoio loxístico desde as súas propiedades. As mansións convertéronse en depósitos ocultos de armamento. Os fusís gardábanse nos colchóns. Con outras mulleres, converteu os salóns dos pazos en obradoiros de confección de roupa para os milicianos, e conta a lenda que foi aí nestas cámaras galegas onde se inventou a famosa boina vermella que caracteriza o uniforme carlista.

Con todo, e a pesar do esforzo proselitista dos cregos rurais, o carlismo non obtivo nunca un apoio popular destacado no país. Os chamamentos á insurrección remataban en desoladoras convocatorias ás que só acudían os convocantes. As partidas guerrilleiras eran denunciadas moitas veces polos veciños, e boa parte dos seus voluntarios acudían polo salario, que non deixaba de ser mellor que unha vida de traballos ruíns no campo. O carlismo galego foi unha perdurable quimera alimentada en salóns coma os deste pazo, en Compostela.

8. Propaganda clandestina na Guerra de Sucesión

Antigo concello de Santiago. Praza de Cervantes

A principios do século XVIII, en Santiago de Compostela vivíanse momentos de gran tensión soterrada con motivo do conflito dinástico que enfrontaba a Austrias e Borbóns. Aquí onde estamos, diante da antiga casa consistorial da cidade, no verán de 1706 o concello viuse obrigado a instalar unha forza para que actuara como elemento disuasorio ante as perspectivas dunha rebelión da cidade. Polas noites, individuos descoñecidos berraban polas rúas de Compostela proclamas antiborbónicas co posible obxectivo de ir construindo un clima insurreccional. O concello estaba convencido de que o núcleo de conspiradores estaba formado por monxes portugueses de San Martiño Pinario, que apoiaban ao Arquiduque Carlos de Austria.

O contexto era o seguinte. Trala morte sen sucesión de Carlos II, o *Enfeitizado*, o rei francés Luís XIV conseguira que o seu neto fora recoñecido como rei de España. Felipe V chegou a Madrid en 1701. Previamente, o Rei Sol fixera campaña a conciencia. A Santiago de Compostela chegaron cartas do soberano francés para

persuadir ao peculiar arcebispo de Santiago, Antonio de Monroy, de apoiar os Borbóns. Non foi a única chancelaría europea en escribir ao influínte Monroy. Este, coa boca grande, xunto co Cabido, apoiaron formalmente novo rei Felipe V. Pero a suma de erros políticos dos Borbóns provocaron que a opción lexitimista do arquiduque austríaco, que consideraba que o seu segundo fillo tiña máis dereitos de sucesión trala morte de Carlos II *O enfeitizado*, fora cobrando unha certa forza, empregada pola Igrexa nas súas medidas de presión sobre o primeiro Borbón da coroa española.

O temor das potencias europeas a unha grande unión entre España e Francia levou a que todos os reinos manobrasen en consecuencia. Entre eles, Portugal. A perspectiva de volver á guerra con Portugal, despois de corenta anos de conflito aínda había poucas décadas, puña dos nervios os galegos, que lembraban o dura, gravosa e incomprensible que fora a anterior. En 1704 Felipe V declarou a guerra co país veciño e o Duque de Híjar, Capitán Xeral de Galicia, comezou os recrutamentos e a imposición de taxas para financiar a maquinaria de guerra. Todo isto provocou unha auténtica batalla de propaganda e noticias *fake*. Coñecemos boa parte destes feitos grazas ao excelente traballo de Fernando Suárez e Héctor Lago.

En Compostela detívose a un suposto axente de contrapropaganda, un *“forasteiro vestido de azul”* de patria indeterminada *“asegurando ser unhas veces irlandés e outras xenovés”*, que difundira *“noticias moi melancólicas”* contra o exército, como afirmar que parte do exército español se pasara ao bando austríaco. De Galicia saíu, con toda probabilidade, unha acción de propaganda bastante seria na que se falsificaron unhas cartas en teoría dirixidas polo rei Felipe V ás cidades do reino de Galicia. Nelas acusábase ao Duque de Híjar de traizón. O rei advertía o seguinte nas misivas: *“poredes ao Gobernador e Capitán Xeral con todo sixilo en seguridade”*. Puxérono en seguridade, pero en sixilo desde logo non. A Coruña e Santiago, entre outras cidades galegas, declaráronlle o boicot a Híjar, aos seus recrutamentos e taxas, creando unha situación política moi complicada no Reino. En Compostela, os espectáculos propagandísticos en favor do Borbón sufrían sabotaxes anónimas e, pola noite, individuos encapuchados corrían polas rúas proclamando aclamacións en favor dos Austrias.

As tensións coa cúpula eclesiástica tamén se agravaban. Felipe V estaba aplicando os principios regalistas traídos de Francia -un maior control da Coroa sobre a Igrexa e os seus privilexios- e o arcebispo Monroy, que non se achicaba, chegoulle a advertir por carta que tentase ampliar o poder monárquico a costa da Igrexa, porque a coroa *“podíaselle caer das tempas”* e que *“a multitude, tan facilmente como segue, deixa”*.

É neste contexto onde nos atopamos nun panfleto tan anónimo como abraiante, publicado en Compostela en 1712, co obxectivo de presionar a Coroa para reducir a presión fiscal motivada pola guerra con Portugal: os *Lamentos do Reino de Galicia, oprimido cos tiránicos procederes do Conde de Chichirinabo, Superintendente Xeral de Rendas Reais, e do Marqués de Aceite e Vinagre o seu administrador*. Nel fan circular un argumento destinado a provocar o pavor da Coroa: observamos con sorpresa (e non o negaremos, orgullo) como os corenta anos de loita contra Portugal no século anterior e a actual guerra que estaba comezando non impedira que os galegos seguisen considerando a Galicia un país irmán. Vai un fragmento:

“Quen separou da mesma España a Portugal? (...) Saben todos que foi a única causa as demasiadas cargas coas que se oprimiron a aqueles vasalos, e a non ter querido a Corte de Madrid atender aos seus clamores; e que sabemos se o ceo quererá, por que se desestiman os de Galicia, unilo ao de Portugal? E se Galicia casa con Portugal, non será un matrimonio tan indisoluble que só coa morte do mundo se poderá disolver? E se o Rei de Portugal se vise rei de Galicia, non sería en tal caso Rei poderoso de España, e o de Castela tan cativo... ? A todos estes grandes danos, pero inminentes males, abre a porta o poñer xugos intolerables sobre a caluga dos Pobos”.

9. Prepárase un golpe: o falanxismo no corazón da cidade

Farmacia de Casas Reais. Praza de Salvador Parga.

Unha cidade non só é un espazo para vivir e conspirar, senón tamén un lugar no que representar e escenificar o poder. A nosa última historia permite entender esta idea á perfección. Baixamos da Praza Cervantes ata a praza de Salvador Parga, ao pé da igrexa das Ánimas. Alí, nos anos vinte, estableceuse o madrileño Víctor Muñoz coa súa parella, a alemá Otilia Ulbricht. A parella foi a fundadora da sección compostelá das Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista en Galicia (JONS). Desde esta farmacia e da academia de alemán de Otilia Ulbricht foise fraguando, segundo Xosé Henrique Acuña, parte das accións políticas da ultradereita contra as esquerdas, nun crecente ambiente de tensión, violencia e confronto que desembocaría no golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Para entender o calibre referencial desta parella hai que lembrar a visita que realizou José Antonio Primo de Rivera o 16 de marzo de 1935 a esta farmacia. Congregouse unha multitude “espontánea” de dúascentas persoas, segundo algunha fonte, e José Antonio improvisou un mitin. Consérvase foto do momento. Daquela, Falange tiña unha sede perralleira nun piso da Porta do Camiño.

A presenza dunha alemá na Compostela dos anos 30 non pasaba desapercibida. Otilia non só traballaba na farmacia, senón que impartía clases de alemán a alumnos de todo tipo e idade vinculados á universidade -lembramos que na Europa de

entreguerras o alemán era unha importante lingua científica-. Iso non lle impedía participar do compromiso político. En febreiro de 1936 Pilar Primo de Rivera nomeouna tesoureira da sección galega de Falanxe. Tense contado que nese mesmo mes ela repeleu a golpe de pistola un ataque dun grupo de comunistas á farmacia. A pistola non debía estar só gardada nun caixón. Bonet Correa lembraba en 2013 que: *“a profesora de alemán Dona Otilia Ulbricht é a representación mesma da muller teutona. Grande e imponente, segundo os estudantes levaba sempre consigo no bolso unha pistola”*.

A parella marchou de Compostela en 1936 para Madrid, en circunstancias non demasiado claras. Víctor Muñoz foi executado en 1936 por milicias republicanas. A policía definirá en Madrid a Ulbricht como “espía nazi”, e pasou polas prisións. Porén, atoparemos á alemá na década seguinte en Compostela, retomando as clases de alemán.

Tralo triunfo do golpe de Estado, a sede de Falange deixará o humilde piso da Porta do Camiño e instalarase no mesmo corazón simbólico da cidade: a praza de Praterías. Os conspiradores de rebotica convertéranse nos novos cazadores de conspiracións.